

Vigo, 26 de outubro de 2018.

CIRCULAR NÚM.: 06

Estimado presidente:

Por medio da presente, remitimos toda a documentación necesaria para poder renovar as licenzas para a vindeira tempada 2019, tanto os clubs como os equipos e deportistas.

As inscricións tanto iniciais como posteriores poden facerse, en xeral:

- **Por Internet, a través da páxina da Federación Galega de Xadrez polo programa XEFEGA, co que tamén se xestionará a competición da liga 2019.**
- **En casos excepcionais** podéñse facer por medio escrito a través dos documentos remitidos que se poden baixar da web federativa no apartado de "Documentación".

Gustaríamos contar coa túa colaboración e usar no máximo posible os medios de Internet para as xestións tanto federativas como da liga (actas, resultados,..) co que todo será máis efectivo e rápido, tanto para os clubs, como para a propia federación.

Para todo **elo recibides os códigos e claves necesarias para acceder ao programa, sendo responsabilidade do presidente do clube o bo uso que se faga das mesmas.**

A liquidación esta tempada farase entre os días 02 e 18 de xaneiro de 2019.


Calquera dúbida pode consultarse directamente nesta federación a través de email ou por vía telefónica. As instrucións para usar o programa de xestión federativa XEFEGA están publicadas na páxina web, tamén no apartado "Documentación".

Lembrar a nosa páxina web: www.fegaxa.org; e o email: fegaxa@fegaxa.org

Todas as instrucións necesarias atoparanse na páxina web, así coma os regulamentos correspondentes (<http://www.fegaxa.org/gl/regulamentos/>).

Aqueles clubs que saíron publicados no DOG do 18 de Decembro de 2017 polo que se notificaba o acordo de incoación de cancelación rexistral de entidades deportivas galegas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, terán que facilitar a esta Federación a notificación da Secretaria Xeral para o Deporte conforme están rexistradas actualmente na mesma para poder participar nesta tempada 2019.

Reciba un cordial saúdo,



Asdo. Raquel Calleja Modia.

Secretaria da FEGAXA.